

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE ARTEIXO**

ANUNCIO de aprobación do proxecto de execución da obra denominada Mellora de accesibilidade na DP-0511 (O Foxo-Ervedíns) e inicio do expediente expropiatorio, polo procedemento de taxación conxunta, para a obtención dos terreos afectados polas obras.

Expediente: 2026/U040/000005.

De conformidade co disposto no artigo 118 da Lei do solo de Galicia, comunícase que con data do 21 de maio de abril de 2026, mediante a Resolución da Alcaldía número 1329/2026, foi aprobado inicialmente o proxecto de Mellora da accesibilidade na DP-0511 (O Foxo-Ervedíns) e o inicio do expediente expropiatorio para a obtención dos bens e dereitos afectados pola devandita obra.

Así mesmo, consonte a devandita resolución procede someter a información pública polo período dun mes o referido proxecto de expropiación, mediante a inserción de anuncios no *Diario Oficial de Galicia* e nun xornal de maior circulación da provincia, así como á notificación individualizada con traslado literal das follas de valoración e da proposta de fixación dos criterios de valoración a todos os que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, para que poidan formular cantas alegacións e reclamacións consideren oportunas tanto con respecto ao expediente expropiatorio como á fixación do prezo xusto por idéntico prazo dun mes.

A relación de bens e dereitos afectados é a seguinte:

Nº	Ref. catastral	Titular	Sp. total (m ²)	Exprop. def. (m ²)
1	15005A044005880000PK	Cedeira Mañana, Carmen	891	29
2	15005A081000690000PE	Vázquez Blanco, José (herdeiros de)	575	13
4	15005A081001540000PF	Fernández Tomé, José Antonio Rodríguez Santos, Mónica María	2.074	12
5	15005A081001620000PD	Novo Naya, Miguel Naya Vázquez, José Ramón	1.887	4
6	15005A081001000000PI	Novo Naya, Miguel Naya Vázquez, José Ramón	3.917	7
7	15005A044003360000PX	Cedeira Mañana, María Luisa Cancela Cedeira, José Manuel	2.744	14



Nº	Ref. catastral	Titular	Sp. total (m ²)	Exprop. def. (m ²)
9	15005A044003350000PD	Vázquez Blanco, José hros.	2.518	8
10	15005A044006460000PT	Pombo Naya, Antonio Pombo Naya, Carmen	239	40
11	15005A081001590000PD	Piña Aldao, Jesús	2.789	47
12	15005A044007350000PY	Rodríguez Regueira, José María (Np) Rodríguez Varela, Primitivo (U)	4.039	177
13	15005A081000800000PW	Piña Aldao, Jesús	1.716	91
14	15005A081000810000PA	Mallo Mallo, Manuel Rego Collazo, Sandra Rego Collazo, Sonia Rego Collazo, Bernardo	1.520	87
15	15005A081000820000PB	Abeleira, Francisco	1.149	65
16	15005A081000790000PB	Piña Barros, Rogelio	3.550	103
17	15005A044003330000PK	Rodríguez Varela, Primitivo Rodríguez Regueira, María del Carmen	3.092	113
18	001105100NH49C0001BF	Martínez Blanco, Leonor	587	5
20	15005A044006050000PB	Vázquez Carril, Amalia	2.618	104
21	15005A081000920000PF	En investigación	303	98
22	15005A081000930000PM	Esmorís Suárez, Sara – Fernández López, Manuel (herdeiros de)	543	3

Durante o devandito prazo as persoas interesadas poderán examinar os seus contidos, na sede electrónica do Concello de Arteixo e, presencialmente, nas dependencias municipais do Concello de Arteixo, sitas na travesía de Arteixo, nº 249, 3º andar, de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas, co fin de que poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que xulguen pertinentes.

Ante a eventualidade de que poidan existir interesados descoñecidos neste procedemento, se ignore o lugar da notificación, ou ben intentada esta non se puido efectuar, sirva a presente de notificación co alcance e coa finalidade previstos no artigo 44 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da preceptiva publicación no BOE.

Arteixo, 22 de maio de 2026

O alcalde
P.D. (Decreto 1243/2025, do 8 de maio)
José Antonio Calvelo Añón
Concelleiro delegado de Medio Urbano e Medio Rural

